

ct

Profetas

de
Ernesto Is

(fragmento en galego)

XVI Premio Abrente de Textos Teatrais 2021

EL

Talvez esta peza acontece entre Compostela, Mosul e Venecia; ou talvez non, e realmente só pode ter lugar sobre as táboas onde está sendo representada.

ELA

Iso non.

EL

Dixeches que empezase.

ELA

Pero non aí.

EL

E logo?

ELA

É a acotación inicial. Non a leas. Vai ao principio.

EL

Cal?

ELA

O do texto.

EL

Onde?

ELA

Páxina tres.

EL

Lembra que non son actor.

ELA

Eu tampouco.

EL

Até o final da historia?

ELA

Non hai.

EL
Final?

ELA
Nin historia.

EL
Entón?

ELA
Tan só somos ti e mais eu tratando de recompoñer o pasado.

EL
Non pode ser.

ELA
O que?

EL
O noso pasado. Hai un erro.

ELA
Como un erro?

EL
Non nos coñecemos en ningunha desas cidades.

ELA
Seino.

EL
E logo por que o escribes?

ELA
Deixa de cuestionalo todo.

EL
Ti mandas.

ELA
Empezamos?

EL
Xa o fixemos.

ELA
Cando?

EL

Antes. Cando dixeches que chovía.

ELA

Era pola tarde.

EL

Puxeras o teu chufasqueiro vermello.

ELA

A manifestación rematou na praza, preto deste lugar.

EL

Na Quintana?

ELA

Adiara o ensaio para ir. Non era capaz de aturar máis as imaxes da televisión. Todos aqueles nomes atormentábanme coma unha maldición.

EL

Que nomes?

ELA

Siria, Líbano, Palestina, Iraq, Kurdistán..

EL

E que cambiou?

ELA

Como?

EL

A túa presenza alí. Non influíu en absoluto. Aínda existe a dor.

ELA

Mentres berraba baixo a choiva fun capaz de esquecerla.

EL

Eu preferín esquecer na calor dun bar.

ELA

Ti marcharas. Entón foi cando o escoitei falar a través do megáfono.

EL

Compañeiras, compañeiros... Grazas por estar hoxe aquí! Mobilizámonos por unha causa xusta. Mobilizámonos porque a máis de catro mil quilómetros un pobo está sendo asasinado. Desde hai nove anos –nove anos, escoitade!– a morte e o horror son as palabras máis repetidas en Oriente. Nin

os gobernos nin as organizacións mundiais nin os axentes políticos fan nada para reverter esta situación insostíbel. Centos de nenas e nenos, anciáns, homes e mulleres morren a cada minuto na peor crise humanitaria desde a Segunda Guerra Mundial. Se nós non tomamos partido por estas xentes, ninguén o vai facer, compañeiras e compañeiros! Se non saímos ás rúas das nosas cidades, como vimos facendo desde hai meses, para berrar contra a inxustiza e a indiferenza dos poderes desta fodida oligarquía mundial, Oriente seguirá a desangrarse! Porque ser internacionalistas é saldar a nosa propia débeda coa humanidade, compañeiras e compañeiros! Non o esquezades... Viva a loita dos pobos árabes! Vivan as YPG¹! Viva a Revolución Social! Pola Paz! Pola Liberdade! E a praza estoupou nun gran aplauso...

ELA

Non me fites así!

EL

Aínda hoxe sigo sen poder crermo.

ELA

Eu tampouco. Ninguén tivo a culpa. Foi inevitábel.

EL

Vaia! Ninguén puido facer nada para evitar esta fatalidade do destino?

ELA

Nin ti nin eu nin el. Ninguén. Cando te fun buscar ao bar, notei que algo dentro de min cambiara. A persoa xunto á que espertaras aquela mañá non era a mesma que tomaba un café contigo trala manifestación. Nin o volvería ser.

EL

Por que tratas de consolarme?

ELA

Equivócaste.

EL

Coñezo esta conversa. A conversa na que eu sempre estou equivocado.

ELA

Non te fagas a vítima. Segue, por favor.

EL

Para que? Para ver como me cuspes todo o pasado na cara?

ELA

Continúa.

¹ Yekîneyên Parastina Gel / Unidades de Protección Popular (milicias kurdas)

EL
Vaia forma de expoñerte. Mellor dito, de expoñernos.

ELA
Le.

EL
Non, non o vou facer. É obsceno.

ELA
Obsceno é non respectarme.

EL
E tí? Que é o que respectas? Só a túa integridade como ar-tis-ta. Iso é o único que che importou sempre. Non as persoas ou o que poidan sentir. Unicamente ti e a túa puta arte sagrada.

ELA
Non planifiquei nada. Aconteceu porque tivo que acontecer.

EL
Deixa de xustificalo! Fodíchela, vale? Baixa do teu pedestal e ten, polo menos, a humildade de recoñecelo.

ELA
Está ben, fodino! Acabei con todo. Estás contento? Son a mala deste conto. Unha persoa horríbel que merece o teu perdón. Mellor así?

EL
Non é mellor nin peor. É a realidade.

ELA
Ás veces a realidade mente máis que aquilo que inventamos.

EL
Pois non inventes o que non queiras que exista!

ELA
Como dis?

EL
Que non inventes o que non queiras que exista.

ELA
Iso é...

EL
Que pasa?

ELA

Se tanto sabes, se tan claro o tes... Dime o que teño e o que non teño que escribir!

EL

Sabes que? Estou farto desta merda!

ELA

Que queres?

EL

Nada!

ELA

Fálame con franqueza.

EL

Quero saber por que o fixeches... Por que me deixaches por el!